

1. Os determinantes

Páxina 107

1. a) Este edificio é do século XIX, aquel do XVIII.
b) Túa nai contaba moitos chistes sobre falsos heroes, aquilo era moi gracioso.
c) A música que máis me gusta é a galega. Cal che gusta a ti?
d) Algún día alguén recoñecerá todo canto fixen por esta vila.
e) Esta peli encantoume. Aquela non me gustou nada.
f) Todos fixeron exposicións moi interesantes.
g) Teño bastante fame. Haberá algo na neveira?

2. O artigo

Páxina 110

2. a) Déronlles a cada un seu bolígrafo e se caderno.
b) O noso agradecemento nunca vai estar á altura que merece o teu labor.
c) Miña nai está a falar cos vosos tíos.
d) Sen novidade no posto, meu comandante.
e) Os meus compañeiros son extraordinarios.
f) O mar, meu amigo, éche moi escravo.
3. O hache, a auga, a cute, a acne, a arte, a árbore, o couce.
4. a) Esta noite imos cear ó/ao Freixo.
b) Gardamos o millo na tulla. / Gardámo-lo millo na tulla.
c) Agachouse tras a porta. / Agachouse trala porta.
d) Todos os átomos son almacéns de enerxía. / Tódolos átomos son almacéns de enerxía.
e) Fomos dende Agolada ata O Carballiño.
f) Miña irmá lévase ben con todos.
g) Pola noite teño medo.
h) Pasadomañá irei á Coruña.
i) Os meus amigos son da Coruña.
5. a) Pode considerarse como artigo substantivador dunha oración ou como pronome que actúa como núcleo dun grupo nominal.
b) Función substantivadora dun adxectivo.
c) Pode considerarse como artigo con función substantivadora dun grupo preposicional ou como pronome que actúa como núcleo dun grupo nominal.
6. Esta actividade pódese resolver cunha técnica de desenvolvemento do pensamento que se propón.

Páxina 111

7. b) O meu amigo Antón estuda moito.
c) A miña neta está sempre cutifando.
d) As túas notas non son mellores ca as miñas.
e) O meu can é rabelo.

8. a) Anteposición de demostrativo.
b) Forma de respecto.
c) É unha frase feita.
d) Oración distributiva.
e) Oración distributiva.
9. **Comprobamos.** Esta actividade pódese resolver coa técnica de aprendizaxe cooperativa que se propón.

3. Os demostrativos

Páxina 114

10. Resposta de aplicación práctica.
11. a) Pronome.
b) Pronome.
c) Determinante.
d) Pronome.
12. Resposta aberta.
13. a) Non me fales destoutro; xa estou cansa de escoitar o mesmo.
b) Naquela viaxe tivemos mellor tempo ca nesta.
c) Este non me gusta, prefiro aqueloutro de alí.
d) Desta maneira podemos avanzar, daqueloutra nunca chegaríamos.
e) Se non escolles estas, terás que te decidir por esoutras ou aqueloutras.
f) Éche mellor este ca esoutro de aí.
14. a) Aquele: Significado non definido. Sinónimo: apuro, présa.
b) Daquela: Adverbio de tempo. Sinónimo: naquela época, naquel tempo.
c) Aquela: Significado non definido. Sinónimo: prenda de abrigo, chaqueta.
d) Nisto: Significado temporal. Sinónimo: nese momento.
e) Daquela: Adverbio de tempo. Sinónimo: naquela época, naquel tempo.
f) Aquele: Significado non definido. Sinónimo: motivo.
g) Isto é: Ratificar unha afirmación. Sinónimo: é dicir.
h) Iso xa: Ratifica unha afirmación. Sinónimo: efectivamente.
i) Aquela: Significado non definido. Sinónimo: tenrura, coidado.
l) Eses: Sentido despectivo.
m) Daquela: Conxunción consecutiva. Sinónimo: polo tanto, en consecuencia.

4. Os posesivos

Páxina 117

15. a) Posesión real.
b) Posesión figurada.
c) Posesión real.
d) Posesión real.
e) Posesión figurada.
16. Resposta de aplicación práctica.

17. a) Non redundante.
b) Redundante.
c) Non redundante.
d) Redundante.
e) Non redundante.
f) Non redundante.
g) Redundante.
18. a) túa
b) vosa
c) miña
d) miña
19. a) A miña patria; a miña familia.
b) A miña liberdade.
c) Meu fillo.
d) Súa Excelencia.
e) O noso progreso; o noso progreso; o noso recurso.
20. a) Este rapaz xa naceu intelixente de seu.
b) Aínda non teñen casa de seu.
c) Sempre foi tímido de seu.
d) A casa derrubouse de seu.
e) Xa cumprimos os dezaioito anos e temos moto de noso.
f) As persoas máis ricas do mundo teñen moitas terras de seu.
g) O noso país ten, de seu, unha beleza extraordinaria.
h) Por fin temos un barco de noso para ir pescar.

Páxina 118

21. a) Por si mesmo.
b) En propiedade.
c) Característica natural da persoa.
22. a) O avó mercoulles cadanseu xoguete aos netos.
b) Merqueilles cadansúa camiseta ás nenas.
c) A arquitecta mercou cadanseu casco de seguridade para os albaneis que traballaban no edificio.
d) A casa derrubouse de seu.
e) O profesor regaloulles cadanseu libro aos alumnos.
f) Tamara agasalounos con cadansúas entradas para o teatro.
23. **Pensa e comparte en parella.** Esta actividade pódese resolver coa técnica de desenvolvemento do pensamento que se propón.
24. b) lavei as mans
c) a miña ilusión
d) tras de min / tras miña
f) Tiñan cadansúa radio.
g) diante nosa
h) para a súa casa

5. Os relativos

Páxina 120

25. a) Quen aprobe terá o verán libre.
 b) Os executivos, cuxos expedientes cumpra analizar, van quedar fóra.
 c) Vós nunha fostes quen de realizar unha boa obra.
 d) Quen queira vir comigo, que o diga agora.
 e) Non me gustan nada os aparellos de coma quen.
 f) Quen estuda, mellora a súa cultura.
 g) As casas cuxos tellados sexan de lousa poden acollerse á subvención.
26. a) canarios
 b) libros
 c) todos
 d) aldea
 e) caderno
 f) lectores
27. a) especificativa.
 b) explicativa.
 c) especificativa.
 d) especificativa.
28. a) relativo.
 b) relativo.
 c) conxunción.
 d) conxunción.
 e) conxunción.
 f) relativo.
29. a) Non foron quen de gañar o partido porque xogaron moi mal.
 b) Aquel anel tan caro que mercou era de coma quen.
 c) Fixo coma quen que non sabía nada do asunto.
 d) E non habedes ser quen de tanxer o gando deica o prado?
 e) Se vos preguntan algo, disimulade coma quen que non sabedes nada.
 f) O brillante que roubaron no banco era de coma quen.

6. Os interrogativos e os exclamativos

Páxina 121

30. a) U-las tesoiras?
 c) E a lanterna que che emprestei, ula?
 d) U-los rapaces?
31. a) Quen eran os que estaban alí?
 b) Por que non fuches á excursión?
 c) As persoas cuxos apelidos comece por R poderá pasar.
 d) O sitio onde quedamos é marabilloso.
 e) Dime por que os plátanos non teñen croia.
 f) Onde está o axóuxere do neno?
 g) E ti, de onde vés?

- h) Conseguiu mercar unha bicicleta, coa cal percorreu o mundo.
i) Que queres para xantar?

7. Os numerais

Páxina 123

32. a) duascentas vinte e dúas mil oitocentas corenta e nove bicicletas
b) sétimo lugar
c) un millón cento vinte e un mil douscentos vinte e tres libros
d) sesaxésimo sexto lugar
e) un dezaseisavo
f) setecentos vinte e tres
33. partitivo, ordinal, ordinal, multiplicativo, colectivo, partitivo, colectivo, partitivo, cardinal, ordinal, colectivo, multiplicativo, ordinal, cardinal, ordinal, cardinal, ordinal, multiplicativo, ordinal, cardinal, colectivo.
34. a) sétimo
b) sesaxésimo sétimo
c) oitavo
d) primeiro
e) trixésimo segundo
f) nonaxésimo terceiro
g) cuadraxésimo noveno
h) septuaxésimo primeiro
i) décimo oitavo
35. a) O dezasete de maio é o Día das Letras Galegas.
b) Mercou corenta e catro caramelos de menta, o dobre de limón e o triplo de laranxa.
c) Luís e Alberte chegaron en sétimo e oitavo lugar, respectivamente.
d) O primeiro paso xa está dado.
e) Temos máis de cincocentas/quiñentas mil sinaturas recollidas.
f) O libro tivo tanto éxito que xa vai pola décimo cuarta edición.
g) Póñame unha ducia de ovos da casa.
36. a) *Dous, un*: numerais cardinais.
b) *Metade*: numeral partitivo.
c) *Par*: numeral colectivo; *ducias*: numeral colectivo; *millóns*: numeral cardinal; *minutos*: numeral colectivo; *corenta e cinco*: numeral cardinal; anos: numeral colectivo.
d) *Tres*: numeral cardinal; *un*: numeral cardinal; *século*: numeral colectivo.
37. Resposta aberta.

8. Os indefinidos

Páxina 126

38. a) *tantos*: indefinido; *todos*: indefinido.
b) *nada*: indefinido ; *máis*: adverbio ; *menos*: adverbio.
c) *bastante*: adverbio; *demasiada*: indefinido.
d) *algo*: indefinido; *moito*: adverbio.

e) *tantos*: indefinido; *tanto*: adverbio; *poucos*: indefinido; *demasiado*: indefinido; *nada*: indefinido.

39. a) A experiencia non ten valor ético ningún. É simplemente o nome que lle damos aos nosos erros.
 b) A constancia obtén as cousas difíciles en pouco tempo.
 c) Nada cansa se se fai con boa vontade.
 d) O que non queiras que saiban moitos non llo digas a ninguén.
 e) A maneira máis breve de facer ambas cousas é facer soamente unha cada vez.
 f) Facédelle ben aos vossos amigos e inimigos, porque así conservaredes uns e serevos posible atraer os outros.
 g) Os que saben moito admíranse de poucas cousas; e os que non saben nada admíranse de todo.
40. a) Quenquera que fose, o caso é que nos roubaron.
 b) Cadaquén ten a súa maneira de ver a vida.
 c) Cóntame algo.
 d) Algúns nunca dan aprendido.
 e) Cada un debe ser responsable dos seus actos.
41. a) Alí estaban uns nenos calquera.
 b) Calquera que sexan os vossos problemas, teredes a nosa axuda.
 c) Quenquera que sexan os afortunados, habémolo saber.
42. a) Calquera persoa pode dar a súa opinión.
 b) Quenquera que fose deberá repoñer as ferramentas roubadas.
 d) Isto será de alguén.
 f) Ninguén ten sempre a razón.
 h) Quen queira vir pode anotarse ata o vindeiro mércores.

Páxina 127

43. a) Son todos determinantes.
 b) *as*: determinante; *os*: determinante; *primeiros*: pronome; *mellores*: pronome.
 c) *quen*: pronome; *che*: pronome; *ese*: pronome; *teu*: determinante; *segundo*: determinante.
 d) *a*: determinante; *o*: determinante; *outra*: determinante.
 e) *ninguén*: pronome; *dous*: determinante; *entrambos*: pronome.
 f) *quen*: pronome.
 g) *cadaquén*: pronome; *lle*: pronome; *o*: determinante.
 h) *quen*: pronome; *ese*: pronome.
 i) *quen*: pronome; *dúas*: determinante.
 l) *o*: determinante; *uns*: pronome; *outros*: pronome.

Repaso da unidade

Páxina 129

44. a) Provedores: que ofrece un servizo ou produto.
 Aplicación: programa informático.
 b) talvez, ao mellor.
 c) o sentir.
 d) recente, fría, eficaz, seguro, militares, estadounidenses, informáticos...
 e) de + ela; en + os; de + os; en + as; por + os; con + o.

f) quen: pronome.

h) empeza / principia a.

i) substantivos concretos: criatura, redes, ordenadores, poboación...

substantivos abstractos: sentir, década, custos, explotación...

l) Pode empregarse como sinónimo desde.

m) - *se cadra*: inicia oración subordinada condicional.

- *pasou a utilizarse*: pasiva reflexa, orde común. Ao tratarse dunha perífrase, tamén podería optarse por *pasou a se utilizar* / *pasouse a utilizar*.

- *comeza a desenvolverse*: pasiva reflexa, orde común. Ao tratarse dunha perífrase, tamén podería optarse por *comeza a se desenvolver* / *comézase a desenvolver*.

- (*comeza*) *a estenderse*: pasiva reflexa, orde común. Ao tratarse dunha perífrase, tamén podería optarse por *a se estender*, sempre escollendo a mesma estrutura ca no outro elemento da coordinación.

- *estase a desenvolver*: pasiva reflexa, orde común. Ao tratarse dunha perífrase, tamén podería optarse por *está a se desenvolver* / *está a desenvolverse*.

- *co que se inicia*: impersonal. Anticípase pola influencia do relativo.

- *abarátanse*: pasiva reflexa, orde común.

n) Palabras incorrectas: sen embargo, servizo.

ñ) Resposta aberta.